

CONVOCATORIA E BASES DAS PROBAS PARA AMPLIAR A LISTAXE DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE ILUMINADOR/A

1. OBXECTO

Ampliar en 3 persoas a listaxe de contratación temporal para cubrir as necesidades existentes na categoría.

2. PUBLICIDADE

A convocatoria, listaxes e o calendario de celebración das probas publicaranse na páxina web da CRTVG (www.crtvg.gal), nomeadamente en <https://www.crtvg.gal/ofertas-de-emprego>, medio polo que se xestionarán todas as comunicacións relacionadas co desenvolvemento do proceso selectivo.

O anterior, sen prexuízo da publicación noutros medios coa finalidade de dar publicidade á convocatoria.

3. CATEGORÍA LABORAL

A categoría engloba ás persoas que posúen as características ou desenvolven as funcións, e poidan asumir as tarefas ou as responsabilidades, que se especifican a continuación:

Dirixe e coordina a montaxe dos focos e demais aparellos de iluminación para crear un ambiente adecuado ás necesidades que requira un programa, a partir do deseño e especificación do técnico de iluminación.

Controla e equilibra as fontes de luz, elementos luminotécnicos e proxectores, de acordo co guión técnico, baixo as directrices do técnico de iluminación.

Programa e opera a mesa de control de iluminación baixo as directrices do técnico de iluminación.

Coloca, instala, almacena, limpa e opera os aparellos de iluminación. Efectúa cortes con viseiras e filtros e emprega accesorios como bandeiras, negros, difusores, etc., seguindo as indicacións do técnico de iluminación.

Supervisa a montaxe e o inventario do material de iluminación.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos á fin do prazo de presentación de solicitudes:

4.1. Requisitos xerais:

4.1.1. Ter cumprido 16 anos de idade.

4.1.2. Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a persoa cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevea o correspondente tratado, e dos/das nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separados/as de dereito, así como as persoas descendentes e aos do/da seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan as súas expensas.

Así mesmo, poderán participar as persoas estranxeiras con residencia legal en España en igualdade de condicións que os españois.

4.1.3. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

4.1.4. Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

4.2. Requisitos Específicos:

Estar en posesión da titulación do **Ciclo Superior de Iluminación, Captación e Tratamento da Imaxe** ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da documentación que acredite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5. TRIBUNAL

5.1. O tribunal encargado de valorar as probas estará formado polas seguintes persoas:

- Agustín Deus Sixto (subdirector de Medios), presidente.
- Manuel Cantorna Silva (coordinación de produción de programas e iluminación), vogal.
- Paulino Novo Folgueira (asesor lingüístico da CRTVG), vogal.
- Mercedes Blasco Zas (xefa do servizo de Formación e Xestión de Persoal), secretaria.

5.2. O desenvolvemento do proceso realizarase consonte ao principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e deberase garantir o segredo das probas.

5.3. As persoas membros do órgano de selección asinarán unha declaración de non atoparse incurso/as en ningún dos motivos de abstención previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Se á vista das listaxes de persoas participantes observasen que concorren neles algúns dos citados motivos deberán absterse de participar e notificaranllo ao órgano que convoca.

5.4. Adoptaranse os medios necesarios para que as persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, que precisen adaptacións, poidan desenvolver as probas en condicións de igualdade.

5.5. A persoa coa condición de lingüista encargarse de cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto das persoas que compoñen o tribunal encargaranse da elaboración e puntuación do resto das probas, con excepción da persoa que ostente a secretaría que non elaborará as probas nin as puntuará.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas coa condición de asesoras especialistas para todas ou algunha das probas, que se limitarán ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órgano de selección. Deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público e notificaranllo ao órgano que convoca.

6. PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN E LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

6.1. As persoas aspirantes deberán enviar por correo electrónico ao enderezo proceso.seleccion@crtvg.gal unha solicitude, segundo modelo do anexo I, e a documentación que se indica a continuación:

6.1.1. Curriculum vitae.

6.1.2. Fotocopia do DNI.

6.1.3. Acreditación do requisito académico solicitado onde conste a nota media do expediente (certificado do título ou similar).

6.1.4. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%, deberán facer constar no anexo I se precisan de adaptación de tempo e/ou medios para a realización da proba e achegar o certificado da discapacidade onde conste o grao.

6.2. O prazo de recepción de solicitudes remata o **12 de xullo**.

6.3. As persoas solicitantes que non achegaran a documentación requirida quedarán excluídas do proceso.

6.4. O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas admitidas entre as aspirantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación, e seleccionará os dez (10) expedientes con maior nota media. Contra estas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas poderanse presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

As alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal. O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de persoas admitidas na páxina web de CRTVG.

7. REALIZACIÓN DAS PROBAS

7.1. Poderanse presentar ás probas as persoas que figuren na listaxe definitiva de persoas admitidas.

Todos os exercicios realizaranse o día **26 de xullo** na sede da CRTVG en San Marcos (Santiago de Compostela), ás 9.00 h.

As persoas aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

7.2. A valoración de coñecementos farase a través de:

7.2.1. Un exercicio teórico de carácter eliminatorio (30 puntos). Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de trinta (30) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, máis tres (3) preguntas de reserva, sobre o contido do programa recollido como Anexo II desta convocatoria. Cada pregunta conterá catro respostas alternativas das cales só unha delas será a correcta.

O exercicio terá unha duración máxima de trinta e cinco (35) minutos, cualificarase de cero a trinta puntos

7.2.2. Un exercicio práctico de carácter eliminatorio sobre o contido do programa (70 puntos)

Consistirá na operación dunha mesa de iluminación GrandMA2 ou GrandMA2 ON PC (este software está dispoñible para descarga gratuita na páxina oficial de MA LIGHTING ma-lighting.com/downloads/products/grandma2) e na iluminación dunha escena proposta polo tribunal para ser captada por unha cámara.

7.2.2. Proba tipo test de coñecemento de lingua galega

As persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 3 non terán que realizar a proba de coñecemento de lingua galega. Esta proba terá un grao de dificultade consonte o programa do certificado Celga 3, e as súas cualificacións serán unicamente de apto ou de non apto. Para ter cualificación de apto, as persoas aspirantes deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10.

Se se dese o caso, a posesión do certificado Celga 3 (con data non posterior á de finalización do prazo de inscrición a este proceso) prevalecerá sobre o resultado obtido na proba.

A non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

8. RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS

O tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas teórica e práctica na páxina web de CRTVG (www.crtvg.gal), <https://www.crtvg.gal/ofertas-de-emprego>.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións contra cada un deses resultados provisionais no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación. As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal.

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco (5) días naturais, publicando a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

9. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATES

Para os efectos de confeccionar a listaxe definitiva de persoas aprobadas no suposto de que se produza un empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, a orde de prelación virá dado pola aplicación dos seguintes criterios de desempate:

1º. Aspirante de sexo feminino, cando nas categorías se dean as condicións de infrarrepresentación previstas na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

- 2º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio práctico.
- 3º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio teórico.
- 4º. Aspirante de maior idade.
- 5º. Aspirante elixido por sorteo, para o caso de persistir o empate.

10. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

10.1 O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas aprobadas, contra a que se poderán presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

10.2. O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco días desde a finalización do prazo de presentación de alegacións e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións, especificando as persoas que superaron a convocatoria, que non poderá superar o número de aspirantes nos que se pretende ampliar a listaxe.

10.3. As persoas que superen o proceso de selección serán automaticamente incluídas na listaxe de contratación temporal correspondente á categoría convocada, segundo as seguintes disposicións:

10.3.1. A ampliación de listaxe de contratación ao abeiro desta convocatoria será válida aos efectos de cubrir as necesidades de contratación temporal da CRTVG na categoría indicada, sen que xeren efecto algún na adquisición de indefinición ou fixeza laboral.

10.3.2. As persoas que superasen o proceso, sen exceder do número máximo que figure na convocatoria, incluíranse na listaxe pola orde acadada e sempre a continuación da última persoa que figure na listaxe derivada das OPE celebradas, estas persoas manterán o seu posto na listaxe.

10.3.3. Esta listaxe será de aplicación para as contratacións temporais realizadas a través deste procedemento e terá vixencia ata a resolución de novas Ofertas Públicas de Emprego.

10.4. As persoas seleccionadas deberán posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se derivan do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a Corporación RTVG poderá esixir ás persoas aspirantes seleccionadas que se sometan ao recoñecemento médico realizado polo servizo médico da empresa.

No caso de que o/a aspirante seleccionado/a non acredite contar con estes requisitos declinarase a proposta a favor do/a seguinte con maior puntuación.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados polas persoas aspirantes serán tratados pola Corporación Radio e Televisión de Galicia SA (Corporación RTVG), entidade prestadora do servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no currículo e aqueles outros que se faciliten durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar as solicitudes de emprego e, se é o caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, agás que a persoa interesada indique a súa vontade en contra, serán conservados cos fins indicados durante o tempo no que se manteñan en vigor as listas de contratación, polo que será responsabilidade das persoas interesadas mantelos actualizados, xa que serán utilizados para comunicar as futuras vacantes que se axusten ao perfil e poidan resultar do interese das persoas aspirantes.

Ás persoas aspirantes daráselles unha folia de consentimento voluntario de tratamento de datos, informándolles de que os datos das persoas interesadas serán tratados sobre a base do seu consentimento, que pode retirar en calquera momento, suposto no que a súa candidatura poderá non ser tida en conta nos procesos de selección de persoal da CRTVG. No caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2024



CRTVG CORPORATION
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Recursos Humanos

Víctor Tubío Villar
Director de Recursos Humanos
Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO
 LISTAXES DE CONTRATACIÓN DA CATEGORÍA DE ILUMINADOR/A

Nome e apelidos	
Nº DNI, NIE...	
Enderezo	
Correo electrónico	
Teléfono	

Grao de discapacidade	
Adaptación de tempo e/ou medios	

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA	
	Curriculum vitae
	Fotocopia DNI
	Acreditación da titulación e da nota media do expediente
	Certificado de discapacidade
	Certificado de estar en posesión do nivel do Celga requirido

En _____ a _____

Asdo: _____

ANEXO II

PROGRAMA DO PROCESO SELECTIVO

- **Proba teórica tipo test de coñecementos específicos (30 puntos)**

Nesta proba entrarán as seguintes materias:

- Conceptos básicos de electricidade
 - Equipos de medida e control
 - Colorimetría
 - Conceptos básicos de óptica
 - Conceptos de iluminación
 - Equipos de iluminación e accesorios
 - Sistemas de regulación
 - Protocolo DMX 512
- **Proba práctica de coñecementos específicos (70 puntos)**

Consistirá na operación dunha mesa de Iluminación GrandMA2 ou GrandMA2 ON PC (este software está dispoñible para descarga gratuita na páxina oficial de MA LIGHTING ma-lighting.com/downloads/products/grandma2/) e na Iluminación dunha escea proposta polo tribunal para ser captada por unha cámara

